




JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado e portavoz provincial do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,



EXPOÑO:

Con data 28 de outubro, no Pleno Ordinario no mesmo mes na Deputación Provincial de Ourense no apartado de Rogos e Preguntas, formuleille ó Presidente a seguinte cuestión:

Canto vai custar a piscina flotante de Laias logo do remodelado de proxecto que eu xa anunciei que ían ter que facer?

Como sempre, e debido á ignorancia do Presidente foille imposible contestar no mesmo pleno e dixo que contestaría por escrito

Con data 2 de novembro recibimos escrito de que o día 8 podemos ver o expediente, que xa o temos visto hai días

SOLICITO:

Que sexa contestada por escrito, porque a día de hoxe aínda non se respostou, á pregunta formulada no pleno e non se empeñe en contestar temas que nós non preguntamos ou non ensine proxectos ou procedementos de contratación nos que non aparece dita información.

En Ourense, a 8 de novembro de 2016.

-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE